

Estructuras fonéticas de tres dialectos de Vigo¹

Tiago Vidal Figueiroa
Universidade de Vigo

RESUMO

Neste traballo faise unha descrición das estruturas fonéticas —limitadas aquí aos segmentos distintivos e a certas variantes alofónicas ben diferenciadas— de tres dialectos falados no concello de Vigo: a) o vigués tradicional, b) o castelán urbano, e c) o galego urbano culto. Da comparación dos datos expostos depréndese que (a) e (b) son entidades foneticamente ben diferenciadas, en canto que (b) e (c) son case iguais, a pesar de (a) e (c) seren, en teoría, dialectos da mesma lingua.

Palabras-chave: estruturas fonéticas, dialectos, Vigo.

ABSTRACT

In this paper I attempt the description of the phonetic structures —here limited to contrastive surface segments and some absolutely distinct allophones— of three dialects spoken in the municipality of Vigo: a) the traditional Vigo dialect, b) urban Castillian, and c) educated urban Galician. The comparison of the data leads to the conclusion that whereas (a) and (b) are codes which are perfectly distinct from a phonetic point of view, (b) and (c) are almost equivalent despite the fact that (a) and (c) are, theoretically speaking, dialects of the same language.

Keywords: phonetic structures, dialects, Vigo.

Data de Aceptación: outubro de 1997.

¹ Unha versión moito máis reducida do presente traballo foi presentada co mesmo título no I Congreso Internacional A Lingua Galega: Historia e Actualidade, 16-20 de setembro de 1996, Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela.

1. INTRODUCCIÓN

O concello de Vigo, debido ao seu carácter de núcleo predominantemente urbano e industrial, ten unha poboación de orixes moi diversas e, en consecuencia, unha grande diversidade lingüística. Se prescindimos das persoas procedentes de fóra, e nos centramos nos falantes ‘nativos’ (entendendo por ‘nativos’ que naceron en Vigo ou que aquí aprenderon a falar) a tal diversidade lingüística vese moi reducida, pero continúa a ser o bastante ampla como para podermos identificar tres variedades —tres dialectos— consistentes e ben diferenciadas. En último extremo, todas as restantes modalidades poderían ser explicadas como resultado da mestura, en diversas proporcións, de elementos procedentes deses tres pólos non reductibles. Os tres dialectos son: a) o vigués tradicional, de orixe galego-portuguesa; b) o castelán urbano; e c) o galego urbano culto.

- a) Considero como ‘dialecto vigués tradicional’ neste traballo, o falado por persoas unilingües —isto é, persoas con coñecemento deficiente ou nulo do castelán, que se entende pero non se sabe falar— dado que estas serán as que presenten o mínimo de interferencias con aquilo que durante moito tempo foi o único idioma oficial do país. Este dialecto é falado principalmente nas parroquias periféricas do concello (Bouzas, Coruxo, Matamá, Beade, Valadares, Zamáns, Bembrive, Cabral...) por persoas de idade avanzada, practicamente analfabetas, con profesións tradicionais (relacionadas sobre todo coa pesca e a agricultura), que constitúen un grupo socialmente marxinalizado, sen ningunha proxección na vida pública do concello e do país. Nas xeracións máis novas —fillos, netos— está en proceso de descomposición. Trátase, pois, dun dialecto en perigo.
- b) Paralelamente ao feito no caso anterior, entendo aquí por ‘castelán urbano’ a modalidade de lingua castelá utilizada por persoas ‘unilingües’ de Vigo; ou sexa, persoas que carecen de competencia para falar (e mesmo para comprender) calquera variedade da lingua galega. É o dialecto predominante (ou exclusivo?) nas camadas sociais altas da cidade, e está en plena expansión, ao ser adoptado ou imitado con eficiencia por un número crecente de persoas das máis diversas procedencias sociais e xeográficas. De feito, a maioría dos vigueses de clase media falan un tipo de castelán practicamente indistinguible deste. (Non é posible identificar un vigués castelano-falante unilingüe pola súa maneira de falar.)
- c) Non é probable que haxa falantes unilingües de galego culto, unha vez que o sistema de ensino, por si só (sen termos en conta outros factores sociais que presionan no mesmo sentido), é garantía suficiente de que calquera individuo ‘culto’ sexa competente na lingua castelá. Só en casos individuais, de persoas educadas fóra de España, podería darse a falta de competencia en castelán; pero estes tampouco serían falantes unilingües instalados no galego como lingua primaria de

educación e cultura. En vista desta situación, que me parece obvia, neste traballo entendo por 'galego urbano culto' a variedade utilizada por persoas que, identificándose a si mesmas como falantes de galego (no medio urbano isto nunca é un feito inconsciente, senón o produto dunha reflexión e compromiso políticos), frecuentan situacións públicas de certa formalidade, onde socialmente se espera que o tipo de lingua utilizado sexa o considerado correcto, cando non modélico. Falo de estudantes universitarios, profesores dos diversos niveis de ensino, incluídos licenciados especialistas en lingua galega, dirixentes de organizacións políticas e sindicais nacionalistas, escritores recoñecidos de literatura galega, populares actores e locutores da televisión galega, etcétera. Nótese que non restrinxo a consideración de 'galego urbano culto' ás producións lingüísticas das situacións formais, senón á lingua utilizada en xeral por esas persoas, dentro e fóra de tales situacións.

Neste traballo pretendo facer, en primeiro lugar, e como finalidade inmediata que poderá servir de contribución para o coñecemento da realidade lingüística galega, unha descrición das estruturas fonéticas dos tres dialectos considerados. A descrición límitase aos segmentos vocálicos e consonánticos distintivos a nivel superficial (fonemas), e ás realizacións alofónicas máis destacadas (en esencia, só as fáciles de identificar perceptivamente). Non tomei en consideración os aspectos suprasegmentais, e só abordo a componente propiamente fonolóxica cando é preciso para a comprensión dalgún problema fonético. O cadro teórico en que me movo é o das teorías fonéticas desenvolvidas en congruencia coa *Feature Geometry* ou xeometría de trazos (cf. Ladefoged 1997). A terminoloxía fonética que utilizo, naquilo que poida afastarse dos usos tradicionais, coincide substancialmente co establecido por Ladefoged e Maddieson (1996).

A descrición baséase en principio no coñecemento empírico que, como natural e residente habitual en Vigo, eu o autor teño desde a miña infancia. E, máis concretamente, nas abundantes observacións recollidas sistematicamente ao longo dos anos 80 e 90, das miñas frecuentes interaccións con falantes dos tres dialectos. O método utilizado pode parecer pouco rigoroso —non hai grupos de falantes seleccionados, entrevistados e gravados— pero para os fins dun traballo como este creo que pode ser suficiente. Non intento facer un estudio de variación lingüística, nin ver de que maneira uns determinados trazos fonéticos están, ou non, relacionados coa procedencia social, educación, idade, profesión, sexo, etc., do falante. Pretendo, tan só, describir tres entidades en certo modo ideais ou abstractas (como ideal e abstracto é en si calquera dialecto), atendendo ás características xerais, presentes na maioría dos seus falantes.

Para o tipo de descrición que aquí se pretende —de segmentos distintivos ou, en todo caso, ben diferenciados perceptivamente— considero válidos os datos recollidos e interpretados de oído, sen gravacións e análises acústicas ou doutro tipo. A maioría das descrições fonéticas con que estamos habituados a lidar (algunhas cun grao de subtileza increíble) foron

obtidas dese modo. Como dixo Peter Ladefoged², sendo el mesmo un pioneiro e destacado representante da fonética experimental, “All the tools of instrumental phonetics can never replace the ears of a skilled phonetician” (1991). Naturalmente, o problema é que non todos os que nos embarcamos na tarefa da descrición fonética somos precisamente *skilled phoneticians*... A validez das miñas caracterizacións articulatorias e acústicas descansa na miña propia capacidade para recoñecer perceptivamente e reproducir todos e cada un dos sons e os trazos fonéticos de que falo. Aínda que o traballo presentado aquí non teña pretensións de ser experimental, e en consecuencia deba ser encarado coa relatividade propia dunha estimativa provisoria, tamén é verdade que por detrás hai unha abundante práctica de análise acústica (co programa *Signalize*) e de simples experimentos articulatorios, que me permitiu validar ou refutar diversas hipóteses, e na cal me fundamento para aventurar algunhas interpretacións que, doutro modo, estarían totalmente inxustificadas. Con todo, os aspectos máis conflictivos da miña descrición (os relativos á *gheada* e ás consoantes nasais en coda silábica, por exemplo) espero poder desenvolverlos en traballos específicos, debidamente fundamentados, que non poden ter cabida nunha descrición xeral como esta. Do mesmo modo, está en curso unha investigación fonética experimental do dialecto tradicional vigués.

Por último, na sección dedicada á ‘discusión’, permítome certas reflexións sobre a pronuncia do que aquí definín como ‘galego urbano culto’ e as súas relacións cos outros dous dialectos. Haberá a quen lle poidan parecer apreciacións impertinentes, pero estou convencido de que coinciden no esencial coa intuición de calquera observador sensible que coñeza a realidade lingüística descrita, e non vexo motivos para que continuemos negándonos a vela.

2. DESCRICIÓN

2.1. Consoantes oclusivas

En calquera dos tres dialectos considerados, as oclusivas son o único grupo de consoantes (ou mesmo dos sons todos) en que a actividade glotal desempeña unha función lingüística. Os estados da glote utilizados con valor distintivo son tipicamente dous: aquel en que as cordas vocais se manteñen separadas, de modo que o ar ao saír non as fai vibrar —nas consoantes sen voz, tradicionalmente ‘xordas’—; e aquel en que as cordas vocais se aproximan, de maneira que o ar para saír ten que facelas vibrar —nas consoantes con voz, tradicionalmente ‘sonoras’—.

² Frase recollida na capa do número 78 dos *UCLA Working Papers in Phonetics*.

	labial	coronal	coronal	dorsal
	<i>bilabial</i>	<i>laminal</i>	<i>laminal</i>	<i>velar</i>
		<i>dentalveolar</i>	<i>postalveolar</i>	
vigués tradicion.	pan re'par ^o	tan e'tar ^o	tʃan re'tʃar ^o	kan ʃe'kar ^o
galego urbano	pan ra'par	tan a'tar	tʃan ra'tʃar	kan ʃakar
castelán	'pala ra'par	tal a'tar	tʃal ta'tʃar	kal ʃakar

Táboa 1. Contrastes de consoantes oclusivas sen voz.

As oclusivas sen voz son catro para todos os vigueses, e non parece haber diferencias articulatorias ou acústicas apreciábeis na pronuncia dos diversos dialectos (ver táboa 1). Tres son típicas oclusivas, con niveis de aspiración mínimos: unha labial [p], unha coronal [t], e unha dorsal [k]. Concretamente, [p] é bilabial, [t] é laminal dentalveolar, e [k] é velar en sentido amplo. A cuarta é unha oclusiva tamén coronal, que se distingue claramente de [t] por ser africada, con fricación sibilante, e aínda polo punto de articulación máis recuado, postalveolar palatalizado. Podemos transcribila como [tʃ].

A principal diferenza interdialectal pode establecerse en relación coa función silábica destes segmentos: no dialecto vigués só poden aparecer en posición prenuclear; no dialecto castelán e no galego urbano, en cambio, [p, t, k] aparecen tamén na coda silábica. Por exemplo, *dire[k]to*, *te[ks]to*, *ra[p]to*, *e[t]nico*, etc.

2.2. Oclusivas voceadas

No dialecto vigués só se poden considerar dúas ou tres oclusivas con voz. As articulacións labial e coronal [b, d], que se opoñen polo estado larínxeo a [p, t] respectivamente, non ofrecen ningunha dúbida. Ambas son oclusivas nas súas realizacións características, e o tipo de vibración das cordas vocais que as caracteriza é o mesmo que se pode encontrar nas vocais, consoantes nasais, laterais, etc, e que podemos denominar ‘voz modal’. A terceira unidade posible condúcenos ao problema da *gheada*, que a maioría dos autores consideran ser a substitución da “oclusiva velar sonora” [g] por unha “fricativa xorda” de punto de articulación variable, pero tipicamente “farínxea” [h], fenómeno que caracteriza todos os dialectos galegos occidentais (Fernández Rei 1990: 53, 163 ss). Sen pretensión de esgotar o tema, que será desenvolvido noutro traballo máis específico, eu vou considerar provisoriamente para o dialecto vigués a existencia dunha terceira oclusiva, con articulación dorsal (velar en sentido amplo) e con certo grao de actividade glotal (ver táboa 2).

	labial <i>bilabial</i>	coronal <i>laminal</i> <i>dentalveolar</i>	dorsal <i>palatal</i>	dorsal <i>velar</i>
vigués tradicion.	baʃ 'kambəʃ	daʃ 'andəʃ		ɡaʃ 'kanɡəʃ
galego urbano	baʃ 'ambaʃ	daʃ 'andaʃ	jaʃ fa'jar	ɡaʃ 'kanɡaʃ
castelán	baʃ 'ambaʃ	daʃ 'andaʃ	jaʃ fa'jar	ɡaʃ 'kanɡaʃ

Táboa 2. Contrastes de consoantes oclusivas con voz. Todas teñen voz modal non sendo [g], que representa unha oclusiva con voz susurrada (*breathy voice*).

Tal consideración baséase en que, nos falantes observados por min, aparece unha oclusiva velar perceptivamente diferente de [k], non só despois de consoante nasal (p.e., *manga*) senón tamén noutros contextos, mesmo en posición intervocálica (p.e., *xogar*). Tal consoante raras veces se pode identificar co [g] voceado, pero distínguese claramente de [k] pola presenza dalgún tipo de estado glotal intermedio, que se podería considerar como “slack voice” ou “breathy voice” (Ladefoged & Maddieson 1996: 47). Por outra parte, as realizacións continuas, que aparecen sobre todo en posición intervocálica (p.e., *cagar*), corresponden nos máis dos casos ao segmento glotal representado por [fi] e especificado só ao nivel larínxeo, como *breathy voice* (Keating 1988). A substitución da voz modal pola *slack* ou a *breathy* débese a condicionamentos fisiolóxicos universais. Dun punto de vista fonolóxico, dado que a voz *breathy* e a modal non se opoñen entre si, e que ambas contrastan coa ausencia de voz, podemos consideralas como realizacións dun único valor [+voz] dun trazo binario (Ladefoged 1997: 613).

Os dialectos urbanos, galego e castelán, contan con catro oclusivas voceadas típicas. Os segmentos labial, coronal e dorsal [b, d, ɡ] son articulariamente iguais aos correspondentes sen voz [p, t, k]. O cuarto segmento, no entanto, aínda que dun punto de vista fonolóxico faga par con [tʃ], foneticamente é diferente: en xeral pode caracterizarse como unha oclusiva dorsal palatal [ʃ], pero tamén admite realizacións coronais, sendo en tal caso unha africada laminal postalveolar moi palatalizada [dʒ].

Tanto en castelán como en galego urbano, as catro oclusivas con voz sofren un proceso de enfraquecemento articulatorio (lenición) que as leva ata unha articulación aproximante e, nos casos extremos, á absorción polas vocais inmediatas. Isto é particularmente marcado na lingua coloquial, na cal non é raro oír enunciados como *Tra'aja y to'o'l royo, ¿no sa'es?* (Trabaja y todo el rollo, ¿no sabes?), pero mesmo na lingua máis formal hai persoas que eliminan o /d/ na terminación *-ado*, por exemplo. Onde ten maior transcendencia, con todo, é na oclusiva palatal. Neste punto de articulación, as realizacións máis abertas corresponden á semi-

vocal [j], que, por outra parte, é tamén realización asilábica da vocal /i/. A pesar de que o enfraquecemento de [j] en [j] é pouco común no castelán de Vigo, nesta lingua non presenta ningún problema estrutural, pois a consoante e a vocal raramente poden aparecer no mesmo contexto silábico. No galego urbano, sen embargo, a situación é delicada. En principio, segundo a ortografía, en posición intervocálica (e, en vocabulario non patrimonial, tamén en inicio de palabra) [j] pode aparecer no mesmo contexto ca [j], e por tanto é pertinente manter diferenciados os dous sons (p.e., *oio / ollo, moio / mollo, raio / rallo, maio / mallo*, etc.). Este é o criterio seguido en xeral polos falantes urbanos, que, polo menos nos contextos máis formais, tenden a diferenciar aquilo que se representa de modo diferente na ortografía. Sen embargo, a observación de situacións informais de fala, así como as frecuentes dúbidas ortográficas, parecen suxerir que tal distinción é artificial, baseada na ortografía. (De aí confusións como: *raiar / rallar / cast. rallar, Olaia / Olalla, faiado / fallado, malloría, caraio*, etc.)

No caso do dialecto vigués, a pronuncia das oclusivas con voz parece ser máis consistente, e as realizacións raramente son tan 'relaxadas' (p.e., a terminación *-ado* conserva sempre a consoante). Entre as palatais, [j] non é nunca realización doutra consoante subxacente.

2.3. Consoantes fricativas

Como xa dixemos, os dialectos falados en Vigo non utilizan o estado glotal con carácter distintivo fóra das consoantes oclusivas. Por tanto, as fricativas carecen todas de voz. As ocorrencias, ocasionais, de fricativas voceadas non corresponden en ningún caso a segmentos subxacentes con tal trazo. Ou son realizacións ocasionais de oclusivas con voz, ou son realizacións de fricativas contextualmente voceadas.

	labial	dorsal
	<i>labiodental</i>	<i>velar</i>
vigués tradicional	'fale	
galego urbano	'fala	'xipi
castelán	'fara	'xara

Táboa 3. Consoantes fricativas non coronais.

Prescindindo da oposición a que dá lugar o estado glotal, o sistema de fricativas do dialecto vigués é semellante a moitos dialectos portugueses, incluídos os dialectos considerados *padrão* (ver táboas 3 e 4). Consta de unha consoante labial e de dúas consoantes coronais, ambas sibilantes. A labial é, en xeral, a labiodental [f]. As sibilantes son, por unha parte, un [s] laminal alveolar ou dentalveolar, e por outra parte un son postalveolar, tipicamente laminal e palatalizado, que podemos representar por [ʃ]. O grao de dentalización de [s] é moi variable, mesmo en boca dun mesmo falante; pode ser moi forte, xustificando a consideración de 'dental', ou estar ausente de todo. O que resulta imposible é unha sibilante 'interdental' (Vidal Figueiroa 1993: 15). Tamén parece ser variable a articulación de [ʃ], con certeza no que

se refire á elevación do dorso da lingua cara ao ceo da boca —isto é, a palatalización— que pode chegar a faltar; e, segundo parece, tamén canto á intervención do ápice, en vez da lámina, como articulador activo (cf. Vidal Figueiroa 1993, Ladefoged & Maddieson 1996: 148 ss).

No aspecto distribucional, interesa indicar que [f] está ausente da coda silábica, e que das dúas sibilantes, a que aparece normalmente nesa posición é a postalveolar, aínda que como manifestación superficial do fonema dentalveolar. Como resultado do proceso de enfraxecemento das vocais átonas finais, pode aparecer un contraste superficial entre as dúas sibilantes en posición final de palabra, pero é un fenómeno secundario.

Polo que se refire á fricativa labial, non parece haber diferencias relevantes cos dialectos castelán e galego urbano. Nos restantes elementos, no entanto, hai grandes diferencias (ver táboas 3 e 4). O castelán ten dúas fricativas coronais: unha delas, non-sibilante dental [θ], e a outra, sibilante apical alveolar cóncava [ʃ]. As dúas opóñense tanto en posición prenuclear como posnuclear. O galego urbano suma a estas mesmas dúas fricativas outra coronal, postalveolar palatalizada [ʃ], común ao dialecto vigués. En posición posnuclear, coma en castelán, opóñense as consoantes dental e alveolar, e a postalveolar non aparece.

	<i>apical dental</i>	<i>laminal dentalveolar</i>	<i>apical alveolar cóncava</i>	<i>laminal postalveolar</i>
vigués tradicion.		ɐʃuʃte		ɐʃuʃte paʃ
galego urbano	ʰeʃta paθ		ʰseʃta paʃ	ʰʃeʃta
castelán	kaʰθar aθ		kaʰʃar aʃ	

Táboa 4. Consoantes fricativas coronais.

Por último, o castelán caracterízase pola presenza dunha fricativa dorsal velar [x]. Os préstamos con este fonema adóptanse no dialecto vigués con /g/, tal como fai tradicionalmente o portugués (cf. *carago*). No galego urbano, sen embargo, os préstamos conservan a pronuncia do [x] castelán, e mesmo se utiliza este son en vocábulos estranxeiros que na lingua de orixe teñen outras consoantes pero que en castelán se pronuncian con [x] (p.e., *hippy*, *heavy*, *saharai*, *hawaiano*, *Helsinki*...). Nótese que o fenómeno inverso non se dá en castelán: os préstamos tomados do galego con [ʃ] son pronunciados habitualmente en castelán con [ʃ] ou [ʃj] (p.e., os topónimos vigueses *Meixoeiro*, *Puxeiros*, *Guixar*...).

2.4. Consoantes róticas

As diferentes consoantes denominadas ‘vibrantes’ na tradición hispánica (Quilis 1993: 73, 329; Mateus *et al.* 1990: 49) non constitúen unha clase natural atendendo a ningún pará-

metro fonético. A súa agrupación débese a criterios históricos e ortográficos, ou cando moito fonolóxicos, e non a un pretendido *modo de articulación* unitario:

Even in the case of a very short trill where there is only a single contact with the roof of the mouth, the movement is different from that in what is sometimes called a tap, or a flap. In a **trill**, the tip of the tongue is set in motion by the current of air. A **tap** or a **flap** is caused by a single contraction of the muscles so that one articulator is thrown against another. (Ladefoged 1993: 168)

Polo menos desde as filmacións con raios x de Monnot e Freeman (1972) sabemos que as consoantes chamadas tradicionalmente ‘vibrantes simples’ en español son realmente *taps*. En portugués non coñecemos estudos articulatorios neste sentido, pero hai indicios que apuntan na mesma dirección. Nos dialectos en que as consoantes de, por exemplo, *barra* e *vara* son coronais, considerando que as dúas sexan vibrantes, o trazo que as diferencia é “simples / múltiplo”, trazo *ad hoc* que se refire ao número de batementos da lingua (Barbosa 1994: 118, cf. Quilis 1993: 332). Nos dialectos en que a consoante de *barra* deixou de ser coronal e pasou a dorsal uvular, ese trazo non ten valor, pois a oposición é mantida mediante lugares de articulación diferentes. De acordo con isto está o feito de que a consoante uvular pode ter varias ou só unha vibracións [ʀ], ou mesmo pode ser unha fricativa [ʁ] sen vibración ningunha. No entanto, a consoante de *vara* non variou e continúa a ser articulada cun único batemento da lingua. Supondo que esa consoante sexa vibrante, non hai ningún motivo para que neses dialectos non se pronuncie con máis vibracións. E mesmo non hai ningún motivo para ela non poder ser tamén uvular, e que o trazo ‘simples / múltiplo’ continúe a funcionar no novo punto de articulación. Pero se admitimos que a consoante de *vara* non é vibrante senón *tap* todo ten explicación. Non se pode producir con máis vibracións porque precisamente o *tap* consta dun único movemento simple do articulador activo, sen ningún tipo de vibración. E non pode deixar de ser coronal porque producir *taps* con outros articuladores (dorso, úvula) non parece posible (Ladefoged & Maddieson 1996: 231).

	vibrante	batida (<i>tap</i>)
vigués tradicional	ran bare	'bare mar ^o
galego urbano	ra 'bara mar	'bara
castelán	'rana 'bara mar	'bara

Táboa 5. Consoantes róticas.

Estas evidencias do castelán e o portugués permítennos postular a existencia dun *tap* tamén nas falas viguesas, en palabras como *vara*, *brasa*, etc, pois non é posible apreciar ningunha diferenza entre as realizacións castelás, galegas ou portuguesas. En consecuencia, os tres dialectos considerados en Vigo teñen dúas róticas, ambas apicais e alveolares (ver táboa 5): unha vibrante [r], caracterizada por un número variable de rápidas pulsacións (xeralmente, entre dúas e cinco), e unha batida ou *tap* [r], que só consta dunha breve oclusión. Deixando á parte realizacións fricativas ou aproximantes ocasionais, estas dúas consoantes non manifestan variacións significativas nos diversos contextos en que poden aparecer.

A única diferenza entre os tres dialectos parece ser distribucional. En rima silábica o dialecto vigués presenta a batida [r], en canto o castelán e o galego urbano teñen a vibrante [r]. Dado que a batida, cando non está en contacto con vocal, aparece delimitada por un elemento vocálico (aproximante) de moita máis duración que a propia oclusión, no dialecto tradicional as palabras con rótica final son percibidas, de feito, cunha breve vocal final (p.e., [mar^ə]), cousa que non pasa nos outros dous dialectos. En interior de palabra tamén se percibe tal diferenza, pois en combinación coas regras de redución vocálica, no dialecto tradicional resulta difícil distinguir a posición silábica de determinados *taps* en palabras como *ap[^ər^ə]tar*; *apa[r^ə]cer*, etc.

De aquí dedúcese que no castelán de Vigo e no galego urbano, [r] e [r] aparecen en alternancias fonolóxicas na flexión nominal e verbal (p.e., ma[r] / ma[r]es, se[r] / se[r]á...) e en alternancias fonéticas de nivel sintáctico (p.e., ma[r] negro / ma[r] azul...), suxerindo que algún deles é un segmento derivado, polo menos nestes casos. No dialecto tradicional vigués non se dan esas alternancias, e por tanto non parece haber base para cuestionar a súa condición de segmentos subxacentes.

2.5. Consoantes laterais

Dentro deste grupo hai grandes diferenzas entre os nosos tres dialectos (ver táboa 6). O dialecto vigués caracterízase por ter dúas consoantes, unha coronal alveolar [l] e outra dorsal palatal [ʎ], que se opoñen en posición prenuclear. Ademais, a alveolar presenta en coda silábica (e ás veces tamén en posición intervocálica) realizacións moi velarizadas [ʎ]. Estas poden manter a oclusión apical alveolar ou, como acontece en portugués en sons auditivamente semellantes (Barbosa 1994: 62 e Fig. 21), poden perdela, manténdose entre tanto a contracción lateral da lingua e o xesto de aproximación alveolar. En tal caso, na medida en que a emisión lateral continúe a ser predominante, eses sons poden ser considerados aínda como consoantes laterais, a pesar de que o efecto acústico sexa moi próximo do dunha vocal posterior (Ladefoged & Maddieson 1996: 182, 193). Ocasionalmente, o enfracuementamento articulatorio leva á produción de vocais ou semivocais (p.e., *pardal* / *pardau*, *arnal* / *arnau*), pero en ningún caso a consoantes laterais velares.

	coronal <i>apical alveolar</i>	<i>idem velarizada</i>	dorsal <i>palatal</i>
vigués tradicional	fɐ'lar ^o	ɣaɫ	fɐ'ʎar ^o
galego urbano	fa'lar ɣal		
castelán	ka'lar ɣal		

Táboa 6. Consoantes laterais.

Os dialectos castelán e galego urbano, polo contrario, teñen un só fonema lateral, coronal alveolar [l], sen velarización perceptible en ningún contexto. O castelán falado en Vigo (como de resto en toda Galicia) é completamente *yeísta*. Os únicos falantes que utilizan espontaneamente o [ʎ] son os procedentes das zonas de Castela en que aínda se conserva tal pronuncia. Os falantes de galego urbano non só non utilizan a consoante lateral palatal, como aínda teñen grandes dificultades para identificala auditivamente con algunha das súas entidades palatais subxacentes (se é que eles mesmos diferencian de modo consistente máis de un segmento palatal en marxe silábica).

2.6. Consoantes nasais e expansión nasal

Os tres dialectos teñen un inventario de consoantes nasais practicamente igual (ver táboa 7). Hai tres segmentos que se opoñen inequivocamente en posición prenuclear, e que corresponden aos tres únicos segmentos nasais subxacentes: un labial [m], un coronal [n], e un dorsal (palatal) [ɲ]. E hai un cuarto segmento, considerado tradicionalmente 'velar' (dorsal, por tanto) [ŋ], que ten sido obxecto de debate canto ao seu estatuto como 'fonema'. Na perspectiva da fonoloxía xerativa non hai motivo para tal discusión e parece fóra de dúbida que é un segmento derivado. Pero mesmo dentro do ámbito da fonética entendo que hai motivos para considerarmos que se trata dunha realización propia da rima silábica, e como tal non pode oporse aos outros tres segmentos. Ademais, afástome das interpretacións tradicionais no sentido de que teñamos unha consoante cun punto de articulación velar, e entendo, por motivos que serán desenvolvidos noutro traballo, que este segmento carece de especificación supraglótica, e, por tanto, de punto de articulación (cf. Trigo 1993).

	labial <i>bilabial</i>	coronal <i>apical alveolar</i>	dorsal <i>palatal</i>	subespecificada
vigués tradición.	'kame	'kanɐ	'kaɲɐ	kaN
galego urbano	'kama	'kana	'kaɲa	kaN
castelán	'kama	'kana	'kaɲa	kaN

Táboa 7. Contrastes entre as consoantes nasais.

No dialecto castelán de Vigo a consoante subespecificada [N] aparece como manifestación superficial de /n/ subxacente (ocasionalmente /m/ ou /ɲ/) en posicións propias da rima silábica, ou sexa, ante outras consoantes ou en final de palabra antes de pausa. Ante outras consoantes, principalmente oclusivas, pode producirse coarticulación (asimilación regresiva), tanto máis frecuente canto máis rápido sexa o ‘tempo’ da elocución. Pero en moitos contextos a coarticulación non se produce. Mantense tamén [N] en final de palabra seguida de vocal (p.e., u[N] *amigo*).

En certas palabras, como *inhumano*, *inhábil*, *anhelar*, *enhebrar*, etc. pode aparecer [N] intervocálico. Estas pronuncias poderían servir para xustificar a consideración de catro unidades distintivas nas consoantes nasais, pois aparentemente [N] concorrería coas outras nasais nos mesmos contextos (p.e., [inu]tilizar vs [inu]mano). Ora ben, todos estes casos obedecen a unha pronuncia artificial, condicionada pola ortografía. Así, por exemplo, o prefixo *in-*, unido a raíces que comezan por vocal pronúnciase [in] (p.e. *inútil*, *inadaptado*) pero con raíces que teñen ‘h’ gráfico pronúnciase [iN] (p.e. *inhábil*, *inhumano*) aínda que ‘h’ sexa unha letra sen ningún valor fonético nin fonolóxico. Isto é debido á diferente silabación a que forza a grafía: se en *inútil* ou *inadaptado* pode silabarse graficamente ‘i-nu-til’, ‘i-na-dap-ta-do’, en *inhábil* ou *inhumano*, a única división posible é ‘in-ha-bil’ e ‘in-hu-ma-no’, por causa do ‘h’. Moitos falantes utilizan [N] neste tipo de palabras só durante a lectura, cando está presente a forma ortográfica, pois espontaneamente pronuncian [n].

No dialecto tradicional vigués, á diferencia do que acontece no castelán, [N] non é só a realización xeral das nasais subxacentes en rima silábica (p.e., ca[N]sar; no[N]), senón que tamén é o resultado da aplicación da regra de “Nasal Consonant Excrescence” (Trigo 1993: 391) aplicada a unha vocal nasal durante o proceso de derivación fonolóxica. (p.e., te[N]des, ra[N]). Non hai ningunha diferenza entre as consoantes subxacentes e as xeradas por medio da regra de excrescencia, nas súas manifestacións fonéticas superficiais. Tales manifestacións inclúen non só a típica “consoante velar” descrita noutros estudos da pronuncia galega, senón unha certa variación característica dun segmento nasal non especificado canto ao punto de articulación (Trigo 1988, 1993): desde unha consoante nasal plena, que pode aparecer nos grupos [nd], [mb], [ɲg], etc. ata a simple nasalización, total ou parcial, das vocais inmediatas (p.e., [uN] *saco*, [ũ] *saco*; [uN] *amigo*, [ũ ẽ] *migo*).

A palabra [uNɐ] e os seus derivados, co [N] intervocálico, sería un caso paralelo ao visto en castelán, para soste a existencia de catro nasais distintivas. (Moito máis fundamentado

aquí, dado que [unɐ], [umɐ] ou [upɐ] non son realizacións válidas.) No entanto, o feito de que o segmento intervocálico destas palabras poida presentar as mesmas realizacións vistas na rima de sílaba (de modo simplificado, [unɐ, ũɐ]), evidencia que tamén el debe ser considerado unha manifestación da consoante nasal subespecificada, e, en consecuencia, que tamén el se encontra na rima e non pode oporse ás consoantes propias do principio de sílaba (ver figura 1).




Figura 1. Espectrograma de [ɛũɐ] a ilustrar unha das posibles realizacións da nasal subespecificada ante vocal. Corresponde ao principio do enunciado *é unha rapariga de alí*, dito por un falante vigués macho adulto bilingüe (ou mellor, mistilingüe) non representativo de ningún dos dialectos tratados.

A diversidade de realizacións da nasal subespecificada, ou concretamente a falta de aplicación sistemática da regra de excrecencia de consoante nasal (se non se trata da aplicación dunha nova regra de apagamento das nasais en rima silábica), coa conseguinte manifestación superficial das vocais nasalizadas, é unha característica do dialecto tradicional ante os outros dialectos de Vigo. En palabras monosílabas de moito uso, como *non* ou *con*, prodúcese unha grande cantidade de contraccións, nas máis frecuentes das cales a nasalidade chega a desaparecer de todo. Unha secuencia como *con + un*, por exemplo, admite unha serie de realizacións variables, desde [kõñũn] a [kũ(ñ)], pasando por [kõũn], [kũũn], e outras, dependendo de factores como o acento, a entoación, o tempo da elocución, etcétera.

O dialecto galego urbano, por seu lado, mostra unha situación intermedia á dos outros dous dialectos vigueses, pois, a pesar de partillar co dialecto tradicional as regras fonolóxicas que producen vocais nasalizadas, que apagan [n] intervocálico, e eventualmente xeran novas consoantes nasais, nos niveis fonéticos nada disto ten repercusións: as consoantes en rima silábica son pronunciadas de maneira consistente, como no dialecto castelán, e unicamente se apagan nun número restrinxido de contraccións fixadas na ortografía (p.e., *co*, *coa*, *cun*, *cunha*), sen que en ningún caso caiba a súa manifestación mediante a simple nasalidade das vocais.




Figura 2. Situación estimada das vocais tónicas do dialecto vigués tradicional.

2.7. Vocais

É na sílaba tónica que se manifesta o máximo de posibilidades distintivas no dialecto tradicional vigués, dando como resultado en certos contextos sete vocais diferentes: [i, e, ɛ, a, ɔ, o, u] (ver figura 2). O dialecto castelán ten un sistema de cinco vocais, [i, e, a, o, u], que supón unha organización do espazo acústico-auditivo bastante diferente (ver figura 3). Aínda que os símbolos fonéticos utilizados coincidan con cinco dos usados no dialecto vigués, a calidade concreta desas vocais é diferente. En castelán, por regra xeral, as vocais son menos periféricas, e teñen áreas de dispersión máis extensas; e, sobre todo, as vocais medias [e, o] teñen claramente alturas intermedias ás medias-altas [e, o] e medias-baixas [ɛ, ɔ] do dialecto vigués tradicional.




Figura 3. Situación estimada das vocais do castelán e do galego urbano de Vigo.

O dialecto galego urbano coincide no esencial co castelán. Se ben a calidade das vocais empregadas non é tan uniforme como entre os falantes de castelán, o número de segmentos distintivos é de cinco. Algúns falantes son capaces de percibir como diferentes os dous graos de altura das vocais medias do dialecto tradicional; algúns de entre estes poden aínda conseguir reproducilos en palabras enunciadas fóra de contexto; pero outros moitos falantes carecen mesmo da capacidade de percibir tal diferenca.

2.8. Vocais átonas

No dialecto vigués tradicional hai unha serie de regras fonéticas que actúan sobre as vocais en posición átona, producindo en moitos casos a aparición de novos segmentos (alófonos), diferentes dos descritos para a posición tónica. O esencial desas regras está constituído por aquilo a que podemos chamar a 'redución vocálica'; isto é, un complexo proceso de enfraquecemento articulatorio das vocais átonas, relacionado cos propios padróns de entoación, que se materializa na *elevación* e *centralización* das vocais (a partir das súas posicións canónicas en sílaba tónica) e, en consecuencia, na *reducción* do espacio psico-acústico utilizado e na *reducción* do número efectivo de segmentos (vocais) diferenciados. Aínda que moitas vocais átonas non padezan a aplicación destas regras, e por tanto se realicen coas mesmas cualidades, aproximadamente, das súas correspondentes tónicas, a maioría das vocais átonas son afectadas polos procesos de *reducción*. Como resultado (e de modo provisorio) podemos considerar un sistema vocálico reducido, constituído por catro novos segmentos: [ɪ, ə, ɐ, ʊ] (ver figura 4).




Figura 4. Situación estimada das vocais átonas 'reducidas' do dialecto vigués tradicional.

- [ɐ]: Unha vocal central media-baixa, non-arredondada, é o resultado da elevación e centralización xeral de [a]. Nas proximidades de [i], as realizacións palatalízanse, podendo chegar case a [æ] ou [ɛ]. (De aí a representación gráfica de certos topónimos, como *Cíes*, *Herville*, *Eifonso*... con 'e' en vez de 'a'.)
- [ʊ]: Unha vocal posterior, de altura intermedia entre [u] e [o], e centralizada (sen se chegar a identificar coa central [ɯ]), é o resultado xeral da *reducción* da serie posterior ([u, o, ɔ]). Dependendo do oído de cada quen, da influencia harmonizadora do contexto vocá-

lico, e mesmo do grao de arredondamento, moi variable, esta vocal tende a ser identificada ora con [u] ora con [o]. Creo que se debe manter diferenciada, pois que, en casos como “o uso” e “o ollo”, contrasta claramente con calquera das dúas vocais tónicas. Algúns exemplos: *c[ɔ]ruxa*, *c[ɔ]rbel[ɔ]*, *néb[ɔ]a*, *f[ɔ]rg[ɔ]neta*, *m[ɔ]deira*, *P[ɔ]rt[ɔ]gal...*

[ɪ]: De modo paralelo, unha vocal non-arredondada, centralizada, de altura intermedia entre [i] e [e], é o resultado da redución da serie anterior ou palatal ([i, e, ɛ]) en moitos casos. Por exemplo, en posición postónica final: *noit[ɪ]*, *difíc[ɪ]l*, *pich[ɪ]*, *Pil[ɪ]...*; en postónica interna: *néb[ɪ]da*, *lát[ɪ]go*, *ár[ɪ]a...*; en posición inicial absoluta: *[ɪ]norme*, *H[ɪ]lena*, *[ɪ]nagua...*; en contacto con outra vocal: *r[ɪ]al*, *B[ɪ]ade*, *po[ɪ]sía*, *mo[ɪ]deira...*; ante consoante palatal: *m[ɪ]llor*, *s[ɪ]ñora...*; en rimas con /s/: *parec[ɪ]s*, *d[ɪ]sfrutar...*; en pretónica seguida de [i] (ou [j]): *v[ɪ]ciño*, *m[ɪ]nistro*, *p[ɪ]reira*, *r[ɪ]beira...*; noutros casos: *p[ɪ]queno*, *p[ɪ]rú...*

[ə]: Unha vocal non-arredondada, con área de localización moi dispersa, que por comodidade podemos definir como *central e media*, é outro resultado da redución da serie vocálica palatal, e ocasionalmente tamén das outras vocais. A miúdo alterna con [ɪ] (ou resulta difícil determinar de oído cal das dúas vocais foi emitida). É unha vocal moi breve, de pouca intensidade, e con voz (‘sonoridade’) diminuída ou mesmo ausente. En certos contextos chega a desaparecer por completo, como en posición final absoluta, precedida de sibilantes (p.e., [ɔf], [pɐ'rɛs]). En contacto coa batida [r], como xa se dixo, pode resultar imposible distinguila dos elementos vocálicos que delimitan a breve oclusión cando está en contacto con outras consoantes (p.e., [p^or^o]tender). Exemplos: *r[ə]medio*, *t[ə]rreiro...*

Alén das regras de redución vocálica, no dialecto vigués tradicional son notables tamén, entre as regras que afectan as vocais átonas, aquelas que resolven os diversos encontros vocálicos (mediante crases, ditongos, elisións...). Entre estas citaremos aquí tan só unha, polas repercusións que ten nunha análise de nivel fonemático (isto é, de oposicións entre segmentos fonéticos que se manifestan na superficie). O encontro de dous [ɐ], tanto en interior como a través das lindes de palabra, resulta na recuperación da vocal [a]. Por exemplo: [ka'baʃɐ], *C[a]veiro*. No nivel da frase, a aplicación desta regra dá como resultado unha oposición superficial entre [ɐ] e [a], que fonoloxicamente é un contraste entre un [a] e dous [aa]. Exemplos: [ˈtɪɐ] *tiña* vs [ˈtɪa] *tíña*, [ɐ'tɛɐ] *a terra* vs [a'tɛɐ] *á (= a + a) terra*.

En contraposición con esta situación, o dialecto castelán carece de procesos de redución vocálica e, por conseguinte, de segmentos propios das posicións átonas. Prescindindo das regras estrictamente fonolóxicas, así como de determinados procesos de elisión, resilabificación e crase (sobre todo no nivel de frase, a través das lindes de palabra), pódese dicir que o castelán carece de regras que actúen sobre as vocais átonas, e que estas, por tanto, coinciden no esencial coas cinco vocais subxacentes que se manifestan nas posicións tónicas.

Outro tanto se pode dicir do galego urbano culto. En calquera contexto, tónico ou átono, se pronuncian as mesmas cinco vocais, coa única condición de que estean representadas como tales nas formas ortográficas. Por exemplo: *d[u]rmid[o]*, *c[o]cid[o]*, *d[i]vid[a]*, *f[e]rid[a]*, *v[aj]*, *c[ae]*, *m[ew]*, *c[eo]*, etcétera.

3. DISCUSIÓN

En vista dos datos expostos en relación coas estruturas fonéticas dos tres dialectos descritos, pódese logo constatar que o vigués tradicional e o castelán son dúas entidades ben diferenciadas, que teñen en común menos da metade dos segmentos considerados (46%), e entre os cales non se pode advertir ningún tipo de interferencia. (Falo, naturalmente, dos falantes unilingües considerados neste traballo.) É habitual atribuír a pronuncia das nasais posnucleares do castelán falado en Galicia á influencia do galego, esquecéndose que a 'velarización', e mesmo a simple manifestación como nasalidade da vocal nuclear (-an > -an > -ã), é un fenómeno amplamente estendido no castelán de España e da América (Zamora 1970: 416, Quilis 1993: 239-242). O galego urbano culto, por súa vez, mostra unha paradoxal semellanza co castelán, contra o que sería de esperar en vista das etiquetas que adscriben cada un deles a unha 'língua' diferente, e en consecuencia aparece moi diferenciado do dialecto tradicional (ver táboa 8).

vigués tradicional / castelán de Vigo	46 %
vigués tradicional / galego urbano culto	49 %
galego urbano culto / castelán de Vigo	96 %

Táboa 8. Semellanza entre as estruturas fonéticas dos tres dialectos. As porcentaxes expresan os segmentos comúns sobre o total dos utilizados por cada par de dialectos.

Cabería especular sobre as causas desta situación, supondo que o galego urbano culto se distanciou das pronuncias tradicionais viguesas como resultado dunha evolución propia. Ao fin e ao cabo, o seu sistema consonántico non é moi diferente dos utilizados en moitos dialectos galegos do interior... E canto ao sistema vocálico de cinco elementos, ese é o máis difundido a través das linguas do mundo (Maddieson 1991: 19), pois parece ser o que mellor explota as posibilidades perceptivas do espazo vocálico. Por tanto, non sería estraña unha redución paralela á que xa se deu noutras linguas románicas.

No entanto, parece haber evidencias que contradín a posibilidade dunha evolución propia. Entre as consoantes, o sistema das fricativas coronais do galego urbano [θ, ʃ, j] non pode proceder do tradicional [ʒ, ʃ]. Non só houbo a perda de [ʒ] e a súa substitución por dous sons coincidentes cos dos castelán, senón que ademais se produciu unha reestructuración da dis-

tribución dos segmentos fonéticos para adecualos á ortografía: [θ] ao uso de ‘c’ e ‘z’, [ʒ] ao uso de ‘s’, e [ʃ] ao do ‘x’ (concretamente, do ‘x’ non coincidente coa ortografía do castelán).

A oclusiva palatal [j] do galego urbano, por súa vez, non é só continuadora do [ʎ] do vigués tradicional (p.e., *fillo, muller, traballo*, etc), senón que tamén acolle a propia herdanza do [j] do castelán, nomeadamente nun bo número de palabras novas que tiñan en orixe pronuncias diversas (p.e., *judo, yoga, jazz, gin, Iago, Yemen*, etc) e que no dialecto tradicional serían adaptadas mediante outros recursos —[i], [j], [tʃ] ou [ʃ]— segundo os casos. A eliminación da ‘anomalía’ que supón a *gheada*, e a paradoxal introducción do son [x] ben diferenciado de [g], resulta imposible de entender sen a mediación da pronuncia castelá.

Tampouco o sistema vocálico do galego urbano pode ser o resultado da simplificación do sistema tradicional, pois non é posible establecer unha continuidade evolutiva entre os dous. Non só se perdeu a distinción entre vocais medias-altas e medias-baixas, así como todos os resultados dos procesos de redución en sílaba átona, senón que tamén se produciron unha longa serie de substitucións, transposicións, reposicións, etc, só comprensibles como resultado da adecuación da pronuncia ás cinco letras das formas ortográficas. Por exemplo, as tradicionais *mag[u]sto, entr[u]do, tr[u]ta, c[ow]ro, matad[ow]ro, ca[i]r; m[ow]’e;r; ag[ʊ]a, mar[ɛ], m[ʰ]o*, etc, corresponden no dialecto urbano a *magosto, entroido, troita, coiro, matoiro, caer; munxir, auga, marea, moa*, etcétera.

Canto á hipotética influencia dos dialectos do interior de Galicia, resulta difícil de imaxinar a través de que mecanismos podería terse exercido. En consecuencia, parece imporse a evidencia de que os falantes de galego urbano culto basean a súa pronuncia no modelo consolidado no seu entorno, ou sexa, o padrón das clases medias urbanas instaladas no castelán, aplicándoo ás formas escritas do galego. A este modelo, plenamente homologable a outros dialectos *standard* do castelán peninsular, o galego urbano acrecentou a penas o son [ʃ] para pronunciar o ‘x’ típico do galego. E mesmo nisto se manifesta a súa dependencia do modelo castelán, pois os falantes urbanos cultos deciden a pronuncia do ‘x’ a partir da grafía castelá: cando o ‘x’ coincide co castelán, pronúnciase como nesta lingua; e cando non coincide co castelán, entón pronúnciase á galega (p.e., *xente, peixe, xunta...* pero tamén termos eruditos como *complexo, paradoxo, circunflexo, saxónico...*).

Xosé Luís Regueira (1994) advertiu do perigo da difusión no galego urbano, especialmente nos medios de comunicación falados, de modelos de pronuncia híbridos ou abertamente casteláns. A situación actual do centro urbano máis poboado de Galicia mostra que non se trata dun perigo, senón dun feito xa consumado. O galego e o castelán utilizado polas clases medias urbanas viguesas, concretamente as variedades utilizadas en situacións formais, son case indistinguibles na súa componente fonética, con certeza debido a que asumen un mesmo modelo de pronuncia culta. Este tipo de ‘solidariedade horizontal’ entre as variedades ‘cultas’ do galego e o castelán contribúe para a consolidación definitiva dos preconceitos contrarios á lingua das clases baixas e, en último extremo, para a desaparición das estruturas fonéticas galegas diferentes das castelás. Así, en Vigo é imposible encontrar persoas de menos

de cincuenta anos que falen o tipo de dialecto descrito aquí como vigués tradicional, a pesar de —¿ou habería que dicir *gracias a?*— a extensión do galego a todos os niveis do ensino. Afirmacións simplistas e inxustificadas como “El sistema fonológico del gallego moderno no difiere grandemente del español oficial.” (Carballo Calero 1979: 103; primeira edición de 1966) parecen apuntar a parte de responsabilidade que lles coubo ás élites ilustradas galeguistas na creación das bases desta situación, moito antes da oficialización do galego, da implementación de políticas de ‘normalización lingüística’, e da conseguinte enxurrada de oportunistas castelano-falantes para todo tipo de profesións relacionadas coa lingua galega.

BIBLIOGRAFÍA

- Barbosa, Jorge Morais (1994). *Introdução ao estudo da fonologia e morfologia do Português*. Coimbra: Almedina.
- Carballo Calero, Ricardo (1979). *Gramática elemental del gallego común*. (7a edición) Vigo: Galaxia.
- Fernández Rei, Francisco (1990). *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Keating, Patricia A. (1988). Underspecification in phonetics. *Phonology* 5: 275-92.
- Ladefoged, Peter (1993). *A course in phonetics*. (3rd edition) New York: Harcourt Brace Jovanovich.
- Ladefoged, Peter (1997). Linguistic phonetic descriptions. En W.J. Hardcastle & J. Laver (eds.), *The handbook of phonetic sciences*. Oxford: Blackwell. pp 589-618.
- Ladefoged, Peter & Ian Maddieson (1996). *The sounds of the world's languages*. Oxford: Blackwell.
- Maddieson, Ian (1991). Testing the universality of phonological generalizations with a phonetically-specified segment database: results and limitations. *UCLA Working Papers in Phonetics* 78: 11-25.
- Mateus, M. Helena Mira; Amália Andrade; Maria do Céu Viana & Alina Villalva (1990). *Fonética, fonologia e morfologia do Português*. Lisboa: Universidade Aberta.
- Monnot, Michel & Michael Freeman (1972). A comparison of Spanish single-tap /r/ with American /r/ and /d/ in post-stress intervocalic position. En A. Valdman (ed.) *Papers in Linguistics to the Memory of Pierre Delattre*. The Hage: Mouton. pp 409-416.
- Quilis, Antonio (1993). *Tratado de fonología y fonética españolas*. Madrid: Gredos.
- Regueira, Xosé Luís (1994). Modelos fonéticos e autenticidade lingüística. *Cadernos de Lingua* 10: 37-60.
- Trigo, R. Lorenza (1988). *On the phonological derivation and behavior of nasal glides*. Unpublished doctoral dissertation, Massachusetts Institute of Technology, Cambridge (Distributed as *MIT Working Papers in Linguistics*).

- Trigo, R. Lorenza (1993). The inherent structure of nasal segments. En Marie K. Huffman & Rena A. Krakow (eds.) *Phonetics and Phonology, vol. 5: Nasals, Nasalization, and the Velum*. New York: Academic Press. pp 369-400.
- Vidal Figueiroa, Tiago (1993). Proposta descritiva das consoantes fricativas alveolodentais dos dialectos galegos. *Cadernos de Lingua 7*: 5-26.
- Zamora Vicente, Alonso (1970). *Dialectología española*. Madrid: Gredos.